



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 546 497 – Fax: 981 546 486
emerxencias.interior@xunta.es



ASUNTO: INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR SOBRE O PROXECTO PARQUE EÓLICO MEIRAMA NOS CONCELLOS DE CERDEDA, CARRAL E ORDES (A CORUÑA)

N.º Expte.: IN408A 2018/27

Con data do 19 de xullo de 2021, o Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña remite escrito á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, solicitando a emisión de informe por parte desta DXEI sobre o proxecto “Parque Eólico Meirama”, n.º expte.: IN408A 2018/27, cuxo promotor é Naturgy Renovables, S.L.U., nos concellos de Cerdeda, Carral e Ordes (A Coruña)

Revisada a documentación, esta DXEI estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, e que as actuacións contempladas se consideran correctas, polo que esta DXEI non fai observacións sobre o proxecto presentado, todo elo sen prexuízo de que si poidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan de autoprotección por un técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

Santiago de Compostela, **na data de sinatura electrónica**

Nuria Padín Quintanal
Xefa do servizo de Prevención e
Análise de Riscos
Asinado electronicamente

Vº Bº
Jose Antonio Grandas Arias
Subdirector Xeral de Planificación
e Protección Civil
Asinado electronicamente

Juan José Iglesias Suárez

Servizo de Enerxía e Minas
Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria
Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer 2, 1º e 2º andar
15071 A Coruña



Xacobeo 21-22

